

# 3 IDADE DE XUBILACIÓN

## Idade ordinaria de xubilación

O acceso á pensión de xubilación na modalidade contributiva dependerá da idade da persoa e das cotizacións acumuladas ao longo da súa vida laboral.

En 2027 será preciso ter 67 anos, ou 65 se tes 38 anos e 6 meses cotizados.

O mínimo de cotización esixida para xubilarse cunha prestación de carácter contributivo, é ter 15 anos cotizados.

En 2026, para cobrar o 100%:

- Con 65 anos necesitas 38 anos e 3 meses cotizados.
- Se tes menos cotización, precisarás 66 anos e 10 meses

## Xa non se reducen os días cotizados por traballar a tempo parcial.

Dende outubro de 2023, os períodos traballados a tempo parcial computan do mesmo xeito que os traballados a tempo completo para acreditar os días de cotización esixidos nas prestacións da Seguridade Social como a incapacidade permanente ou temporal, viuvez, orfandade, prestacións coidados de menores, etc.

## Xubilación anticipada de persoas con discapacidade

É unha medida específica. Medida de acción positiva que permite se cumpres requisitos,

anticipar a idade de xubilación por ter discapacidade.

Existen **dous supostos ou vías de acceso, regulados para adiantar a idade de xubilación por ter discapacidade**, no Artigo 206.bis da LXSS, que parte dos umbrais de discapacidade que se presentan.

**DEREITO DE OPCIÓN:** As persoas traballadoras que reúnan as condicións esixidas paa acollerse a calquera dos dous supostos, teñen dereito de opción para acollerse ao suposto que lle resulte máis favorable.

### Suposto 1: Persoas traballadoras que acreditan grao de discapacidade igual ou superior ao 65%

O favorable deste suposto é que a aplicación dos coeficientes reductores, permiten reducir a idade para xubilarse, pero non implica reducir a contía da pensión.

Esa redución de idade non conta para pedir a xubilación parcial, nin para beneficios por alongar a vida laboral, nin para outras xubilacións anticipadas.

#### REQUISITOS:

> Persoas traballadoras por conta allea incluídas no réxime xeral e réxime especial agrario; no réxime de persoas traballadoras do mar; persoas traballadoras da minería do carbón. Non se aplica a persoas traballadoras do réxime de autónomos.

> Que realicen actividade retribuída e acrediten un grao igual ou superior de discapacidade do 65% durante a mesma. é dicir, a persoa debe acreditar a discapacidade mentres estaba en activo.

> Período de cotización: período mínimo de traballo efectivo de polo menos 15 anos (5.475 días) e un período de cotización específico de 2 anos comprendidos dentro dos 15 anos inmediatamente anteriores ao momento de causar dereito ou á data en que cesou a obriga de cotizar, se accede á pensión de xubilación dende unha situación de alta ou asimilada, sen obriga de cotizar.

> Feito causante: depende da situación da que acceda á pensión (o día do cese na actividade laboral se a persoa está de alta na seguridade social; o día da presentación da solicitude nas situacións asimiladas a de alta agás excedencia forzosa ou traslado fóra do territorio nacional; no caso das situacións de non alta o día de presentación da solicitude).

#### EN QUE CONSISTE?:

Funciona calculando unha nova idade de xubilación, en función:

- Dos anos traballados.
- Do grao de discapacidade.
- Do coeficiente correspondente que se lle aplica.
- Non permite usar esa idade reducida noutras modalidades de xubilación anticipada.

## Cálculo por coeficientes

A idade de xubilación redúcese aplicando un coeficiente sobre o tempo efectivamente traballado mentres a persoa tiña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65%.

Os coeficientes son:

- **0,25, con discapacidade igual ou superior ao 65%.**
- **0,50,** se ademais **precisa axuda doutra persoa** para os actos esenciais da vida diaria.

## Idade mínima

- A aplicación destes coeficientes non pode dar lugar a unha idade de xubilación inferior a 52 anos, que é a idade mínima absoluta con carácter xeral.

## Excepción

- Esta limitación non se aplica ás persoas traballadoras dos réximes especiais da minería do carbón e do mar que, en 1 de xaneiro de 2008, xa tivesen recoñecidos coeficientes redutores da idade de xubilación, ás que se lles aplica a normativa anterior.

## Consideracións

Dende o 1 de xaneiro de 2008, estes coeficientes redutores non se computan:

- para acreditar a idade esixida para acceder á xubilación parcial, agás nos supostos transitorios en que siga sendo aplicable a lexislación anterior ao 1/1/2008;
- para a xubilación anticipada na condición de mutualista;
- nin para calquera outra modalidade de xubilación anticipada;
- nin tampouco para xerar a porcentaxe adicional por xubilación máis alá da idade ordinaria.

## CÁLCULO DA PENSIÓN

O período de tempo en que resulte reducida a idade de xubilación da persoa traballadora computarase como cotizado exclusivamente para determinar a porcentaxe aplicable á base reguladora, co fin de calcular o importe da pensión de xubilación.

## EFFECTOS DOS COEFICIENTES NA XUBILACIÓN NOUTROS RÉXIMES

Tanto a redución da idade como o cómputo, para efectos de cotización, do tempo en que esa idade resulte reducida, serán aplicables aínda que a pensión se cause noutro réxime da Seguridade Social.

## ACCESO Á XUBILACIÓN ANTICIPADA DE MUTUALISTAS

- Ás persoas traballadoras cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % que, por teren a condición de mutualistas nunha mutualidade de traballadores por conta allea o 1 de xaneiro de 1967 ou en data anterior, teñan dereito a causar pensión de xubilación a partir dos 60 anos, aplicaráselles o coeficiente que corresponda (0,25 ou 0,50) para determinar o coeficiente redutor da contía da pensión, tendo en conta, para os demais efectos, a idade real da persoa traballadora.
- As referencias ao 1 de xaneiro de 1967 deben entenderse feitas á data que resulte aplicable conforme á normativa específica de cada réxime ou colectivo cando esta estableza unha data distinta para anticipar a idade de xubilación.

A mesma regra é aplicable ás persoas traballadoras cun grao de discapacidade igual ou superior ao 65 % que desexen xubilarse anticipadamente por razón da actividade.

## Suposto 2: Persoas traballadoras que acreditan grao de discapacidade igual ou superior ao 45%

A idade ordinaria para xubilarse pode **reducirse cando a persoa traballadora** ten unha discapacidade **igual ou superior ao 45%**, e sempre que **esa discapacidade estea incluída na lista oficial e exista evidencia de que reduce** de maneira notable **a esperanza de vida**.

Esta modalidade permite que unha persoa con determinadas discapacidades poida xubilarse **dende os 56 anos**.

**COMO FUNCIONA:** Para poder acollerse a esta modalidade, non chega con ter recoñecido un 45% de discapacidade.

Esqíxese cumprir estas condicións:

- Estar de alta na Seguridade Social, ou nunha situación asimilada.
- Ter cotizados 15 anos en total.
- Que durante eses 15 anos a persoa tivese algunha das patoloxías incluídas no anexo do Real Decreto 1851/2009.
- E, dentro dese período, acreditar polo menos 5 anos cun grao de discapacidade igual ou superior ao 45%.

**Que implica esta modalidade?** Se a persoa se xubila antes por este motivo, **ese tempo de adianto conta coma se estivese cotizado**, pero **só para calcular a porcentaxe da pensión**.

- É dicir, **non se lle prexudica no cálculo da contía** polo feito de xubilarse antes nesta modalidade.
- Por exemplo: si lle correspondería xubilarse aos 66 e faino aos 56 por este sistema, eses **10 anos de adianto** teñen en conta como se fosen cotizados **só para aplicar a porcentaxe sobre a base reguladora**.

### **Como se conta o tempo traballado**

Para comprobar se se cumpren os anos necesarios, **descontaranse as ausencias ao traballo**, salvo algunhas que si contan, como:

- baixas médicas
- maternidade, paternidade, adopción, acollemento
- risco durante o embarazo ou lactación
- ausencias retribuídas

### **Os requisitos son estes:**

1. Ser persoa traballadora por conta allea ou por conta propia incluída nalgún réxime da Seguridade Social, conforme ao Real Decreto 1851/2009, de 4 de decembro.
2. Estar en alta ou en situación asimilada á alta na data do feito causante, segundo o Real Decreto 1851/2009, de 4 de decembro, art. 3.
3. Ter cumpridos 56 anos, que é a idade mínima de acceso nesta modalidade

4. Acreditar o período mínimo de cotización esixido para a xubilación; na práctica, 15 anos de cotización.
5. Que eses 15 anos cotizados o fosen presentando algunha das patoloxías incluídas no anexo.
6. Que, dentro dese período, polo menos 5 anos se cotizasen cun grao de discapacidade igual ou superior ao 45%, causado por esas mesmas patoloxías.
7. Que a discapacidade derive dunha das discapacidades ou patoloxías expresamente admitidas por esta modalidade, é dicir, das incluídas no anexo.
8. Acreditación documental suficiente, en particular:
  - a. certificación oficial do grao de discapacidade emitida polo órgano competente, e
  - b. informe médico que identifique a patoloxía e a data en que se iniciou ou manifestou

### **RESUMO DOS REQUISITOS PRINNCIPAIS:**

- alta ou situación asimilada,
- 56 anos,
- 15 anos cotizados coa patoloxía,
- 5 anos dentro dese período cun 45% ou máis de discapacidade,
- e que esa discapacidade sexa dunha das legalmente previstas.

### **ORGANISMO DE REFERENCIA E CONSULTA INSS (Instituto Nacional da Seguridade Social)**

<https://www.seg-social.es/wps/portal/wss/internet/Trabajadores/Pres-tacionesPensionesTrabajadores/10963/28393/1712>

### **NORMATIVA RELACIONADA:**

- Artigo 206 bis da Lei Xeral da Seguridade Social (LGSS) Vinculo:  
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2015-11724>
- Real Decreto 1539/2003 (desenvolve a anticipación da idade para discapacidade do 65% ou máis). vinculo:  
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2003-23401>
- Real Decreto 1851/2009, que desenvolve o artigo 206 bis da LGSS. enlace:  
<https://www.boe.es/buscar/act.php?id=BOE-A-2009-20652>

## ANEXO coas Discapacidades que poden dar lugar á redución da idade de xubilación.

- Ver a relación actual.
- a) Discapacidade intelectual.
- b) Parálise cerebral.
- c) Anomalías xenéticas:
  - 1.º Síndrome de Down.
  - 2.º Síndrome de Prader Willi.
  - 3.º Síndrome X fráxil.
  - 4.º Osteoxénese imperfecta.
  - 5.º Acondroplasia.
  - 6.º Fibrose quística.
  - 7.º Enfermidade de Wilson.
- d) Trastornos do espectro autista.
- e) Anomalías conxénitas secundarias á talidomida.
- f) Secuelas de polio ou síndrome pospolio.
- g) Dano cerebral (adquirido):
  - 1.º Traumatismo cranioencefálico.
  - 2.º Secuelas de tumores do SNC, infeccións ou intoxicacións.
- h) Enfermidade mental:
  - 1.º Esquizofrenia.
  - 2.º Trastorno bipolar.
- i) Enfermidade neurolóxica:
  - 1.º Esclerose lateral amiotrófica.
  - 2.º Esclerose múltiple.
  - 3.º Leucodistrofias.
  - 4.º Síndrome de Tourette.
  - 5.º Lesión medular traumática.

**Nota.** Debe sinalarse que existe unha actualización aprobada do catálogo de patoloxías susceptibles de dar acceso a esta modalidade de xubilación anticipada, conforme ao Real Decreto 402/2025, de 27 de maio. Non obstante, dita actualización aínda non resultaba aplicable na práctica na medida en que, ata o momento da actualización desta guía, non se publicou no BOE a correspondente modificación do anexo.

Está prevista actualización con 11 novas patoloxías, pero entrará en vigor cando se publique no BOE e segundo se dispoña na norma.

### Patoloxías aprobadas pendentes de efectividade:

As 11 patoloxías aprobadas para seren engadidas son as seguintes:

- espina bífida
- amiloidose por transtiretina variante
- párkinson
- distrofia miotónica tipo 1 (Steinert)
- enfermidade de Huntington
- enfermidade renal crónica estadio 5
- esclerose sistémica
- lesión medular
- dexeneración corticobasal
- atrofia multisistémica
- parálise supranuclear progresiva

### PROCEDIMENTO A SEGUIR PARA PROMOVER A ACTUALIZACIÓN DO LISTADO DE PATOLOXÍAS SUSCEPTIBLES DE ACOLLERSE A ESTA MODALIDADE:

- O Real Decreto 402/2025, de 27 de maio. é a norma que se habilita para actualizar o catálogo de patoloxías susceptibles de dar acceso a esta modalidade de xubilación anticipada.
- Teñen un **papel importante as entidades de pacientes**, xa que son as que impulsan a incorporación de propostas de actualización das patoloxías.
- Por ese motivo, impulsar o asociacionismo das persas con discapacidade e das entidades de tipo sociosanitario, é hoxe, unha aposta para seguir ampliando dereitos ademáis de contribuír ao dereito de asociación recoñecido na Constitución Española.
- En todo caso, o procedemento iníciase coas peticións das entidades, un riguroso exame documental que probas o criterio legal establecido de evidencias constratadas cientificamente da redución significativa e xeralizada da esperanza de vida vencellada á patoloxía. (informes de morbilidade e mortalidade)
- Consulta previa á Consello Nacional da Discapacidade e participación dunha Comisión de Evaluación.